

Onstópulos

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº1 / Ano: 2020 / 2º quincena Mes de Abril / illados polo coronavirus

UN VECIÑO DE ONS VIAXA AO FUTURO

Manolo, veciño de Ons, sen saber como, aparece na Illa no ano 2086, xusto un ano despois do remate das Concesións que daquela lle obrigaron a asinar, os da Xunta e Parques Nacionais, aos seus pais e avós. Tinón recolleu a nova e publicouna no Diario de Pontevedra o día 3 de outubro de 2010. Páx. 3



O ARI, DEBERÍA TRAER XUSTIZA

En 2009, a Sarita, tiráronlle unha parte da súa casa illán dun xeito inxusto. Esperan que, coa entrada en vigor do ARI, poidan levantala. (Foto 1979) Páx. 1

PEPE DE MIRO

Xa ten, nos medios de comunicación, tanto protagonismo como Cesáreo. Páx 2



ILLA DE ONS (Pontevedra)

A XUÍZO POR UNHA PELEXA NUN BAR DE ONS NO ANO 1899.

Noticia do xornal da época "Correspondencia Galega" Páx. 2

PINEIRÓNS, FESTEXA OS MAIOS EN ONS

A asociación cultural PineirÓns, case dende a súa fundación en 1998, todos os anos celebraba na Illa de Ons a Festa dos Maios. Páx. 2



A COMPARSA <VOU NUN BOU>

Canta á Illa de Ons Páx. 1



ONS NA MEMORIA:

SOBRE OS <CANS> NA ILLA DE ONS Páx.3



QUE O ARI TRAI A XUSTIZA

No mes de novembro de 2009, unha man neghra dende a administración, provocou que dúas casas foran derrubadas en Ons. Tal actuación foi considerada unha inxustiza, pois era deber da administración vixiar calquera incumprimento da legalidade, e tan pronto como viran que algo se saía da normativa, nese intre é cando deberían tomar medidas e non deixar que fora a máis esa suposta ilegalidade.

Das dúas casas que se derrubaron, quizais unha podería ter algunha razón de ser, pero sen embargo a outra, pertencente á mellor percebeira que naceu en Ons, Sarita, era unha construción legal, anexa á casa matriz, quizais anterior a esta, e onde tiñan o forno, coa súa cheminea e a lareira.

Nos anos 90 s.XX, cando houbo o boom urbanístico na Illa, a carón da reforma que fixeron ao inmoible principal, tamén prepararon esta, dotándoa do imprescindible para unha mínima calidade de vida, pero sen alterar o seu volume. Posiblemente, Sarita, preparouna para unha das súas fillas.

Non sabemos cal sería o problema, o que si houbo é unha falla de información e de axuda técnica por parte dos organismos competentes. Xurde a pregunta, a administración en todas as obras que realizou na Illa, solicitaría os permisos pertinentes aos organismos correspondentes?

Co ARI debería chegar a Xustiza a esta familia. Cando se poida levar a cabo o Ari en Ons, o Concello e Parques, deberían admitir a trámite a reconstrución, tal e como era primitivamente, esa casa anexa á principal e así arranxar un dano que fixeron no seu momento dun xeito arbitrario, seguindo a fórmula infantil do <Pito, Pito, Gorgorito>, e así querer dar un escarmento aos veciños, facendo saber, dun xeito ditatorial, quen manda en Ons.



Arriba, á dereita da casa matriz de Sarita, dentro do círculo, vemos a casa anexa que, despois de reformada sen alteracións significativas, a administración decidiu denunciala e derrubala. Por que non o farían cando se estaba reformando? Outra das malas actuacións da administración na Illa de Ons. (Foto dos anos 80 do s. XX).

“**Vou nun Bou**” é a comparsa máis representativa do entroido de Bueu. As súas coplas son críticas e á vez ocorrentes, pero sobre todo, alegres e divertidas.

Este ano, á vez de darlle lustre ao Satis-Father, coa que gañaron o 1º premio do desfile de entroido en Ourense, seguiron as pregarías e suxestións que San Xaquín lles deu en xullo, cando despois da papadela que tiveron no Pirata de Ons, foron cantar á igrexa, onde San Xaquín, co visto e prace das demais imaxes da igrexa, en especial, a virxe do Carme, pediulles que loitaran pola Illa e os seus veciños, pois a Administración estaba a ningunealos.



ONS EN LOITA

Música: El talismán (Rosana)

Vaia xogada fixo o Padriño,
jodeu a Illa para os amighos.
Privatizándoa entre bastidores,
irá expulsando ós seus moradores.
Rematará poñendo unha verja,
farase o amo e sen darse cuenta.

E cando vaian velar ó camposanto
no habrá ninguén alí enterrado.
E construírán no seu lugar
apartamentos e adosados.
Camisa negra é a cor contra ese cupo
que marcará o seu futuro.
Ninguneados, a reacción é pelear xuntos.

Comenza a loita de unha estirpe
moi orgullosa das súas raíces.
Por eses homes, esas mulleres,
con coraxe e tesón deixaron alí a pel.
Agora van vir os fondos buitre
para cambiar as casas por suites.
Farán negocio dun patrimonio,
por ben da humanidá.

Forzas do mal merodean a Illa,
entran nas casas, pasan revista.
Hai que agocharse dos picoletos.
¿Como llo contarán ós abuelos?
Ai! Camaway xa non é o que era,
o pijerío borrou as huellas.

Como unha losa caeu no vecindario,
para ir a Ons sacar visado.
Ninguén en Bueu xamais pensou,
que acabarían sendo extraños.
Algo tramado ha de ter a Xunta en curso
e ofreceranlle un bono-cupo,
pra ter calada á xente de Ons o tempo xusto.

Pra ir de O Curro ata Melide
esixirán que te identifies.
Farán controis para ir ó Faro,
Buraco, Area dos Cans, A Laxe ou Canexol.
Polos Oteros, polos Reirises,
por todos Dioses no hai que rendirse.
Máis cunha Illa é un sentimento.
No hai rol que negociar.

E cando vaian velar ó camposanto
no habrá ninguén alí enterrado,
nin unha placa pra recordar o seu pasado.

Tribunales

Audiencia provincial

El viernes último celebróse en esta Audiencia, ante los jueces de Derecho, la vista de un proceso criminal instruido en el juzgado de Pontevedra por el delito de lesiones.

Los acusados de este llamábanse Juan Vazquez, David Otero y José Reboiras.

La víctima del suceso había sido el David, contra quién se dirigían cargos, como provocador, lo cual dió lugar á que también le procesasen.

Abrióse la sesión á las diez y media de la mañana y el Secretario accidental D. José Echeverría, dá lectura á la prueba documental en la que constan los antecedentes del suceso.

Este acació en la noche del 26 de Noviembre del año último en una taberna de la Isla de Ons.

En ella celebrábase, como domingo, un baile que se prolongaba hasta altas horas de la madrugada y á él concurrían los vecinos más inmediatos al establecimiento.

Por cuestiones que ambos tenían pendientes, surgió una disputa entre David Otero y Jacobo Blanco Peiroira que terminó por darse de cachetas. Intervinieron para separarlos de la lucha los procesados Vazquez y Reboiras, siendo éste despreciado por el David al darse á conocer como alcalde de barrio de aquél lugar.

Oyóse luego una voz: «¡Acúdime que me mataron!» Era el David que caía al suelo herido de una puñalada en el costado izquierdo.

Según unos testigos, la herida se la causó el Reboiras defendiéndose de los palos que el David le propinaba, y, según otros, se la ocasionó Juan Vazquez porque oyeron á éste jactarse de la lesión que el David había sufrido.

La defensa de Juan Vazquez señor García renuncia á dos de los testigos suyos y en su vista el presidente del Tribunal declara terminada la prueba.

Hecha la pregunta presidencial á las partes de si ambas sostienen las conclusiones provisionales de sus respectivos escritos contestan afirmativamente. El Sr Fiscal interesa por cinco minutos la suspensión del juicio que es aceptada por la Sala.

Reanudada la sesión léese por el secretario relator un escrito del señor Fiscal y seguidamente le es concedida la palabra para informar.

Este relata en la forma que queda expuesta, los hechos que motivaron la incoacción del procedimiento.

Sostiene, pues, en virtud de las pruebas practicadas, que el procesado Juan Vazquez, es autor de un delito de lesiones menos graves definido y penado en el artículo 433 del Código penal. En su favor no aprecia circunstancia alguna modificativa de la responsabilidad y pide se le imponga la pena de tres meses de arresto mayor accesorias y pago de una tercera parte de costas.

Declara la inocencia de los otros dos procesados Otero y Reboiras en el hecho de autos y pide en consecuencia, el sobresoimiento libre para los mismos, con declaración de las costas de oficio en la parte á ellos correspondiente.

La defensa de Vazquez sostiene la inculpabilidad del mismo fundado en algunas declaraciones de los testigos y solicita de la Sala una sentencia absolutoria con declaración de las costas de oficio.

PINEIRÓNS CANTA OS MAIOS EN ONS



A asociación cultural PineirÓns celebraba todos os anos a Festa dos Maios na Illa de Ons capitaneados polo seu presidente D. Lano Mayán.

Facíano o 1 de maio, aínda que houbo anos, que por mor do mal tempo, trasladouse ao Día das Letras Galegas. As interpretacións eran seguidas por numerosos veciños e polos visitantes que ese día estiveran na Illa.

As coplas tiñan que ver, maioritariamente, con acontecementos illáns, cantadas en ton de humor, aínda que tamén se tocaba temática galega, nacional e internacional.

Este ano 2020, ían a retomar de novo esta Festa, deixada hai máis de 10 anos, pero a pandemia que estamos sufrindo non vai facer posible esta celebración. Esperemos que o ano próximo, coincidindo co Xacobeo, poidan levala a cabo.

Un par de coplas do ano 2011 de recordatorio. A das subvencións, sobre todo as do concello Bueu, están aínda moi ao día.

Deben saber una cousa
do grupo de PineirÓns,
para facer o que facemos
hai que darlle subvencións.

Unha noite nesta Illa
una noite non é nada,
una semana enteira
viño, polbo e caldeiradas.

<Cesáreo tería que preocuparse polo “galopante” protagonismo que Pepe de Miro está collendo nos medios>.

Pepe de Miro, ten a vantaxe de posuír a “Caretas”, cabalo de pura raza illán, co que pode galopar con máis comodidade.

Aínda así, Cesáreo posúe un amplo currículo en periódicos e como actor principal en centos de documentais sobre Ons.

Pepe de Miro e Cesáreo en Nius Diario

Pepe de Miro en Atlántico Diario

Cesáreo na Voz de Galicia





Curiosa foto do barco da Armada cargado de "Cans". Sentado no norai, Juanjo Labaca, daquela administrador de Campamento e Campo de Trballo de Cultura en Ons. Ao seu lado, Arturiño, fillo de Lola e neto de Checho. Quen lle ía a dicir que, co tempo, ía a ser o *Chef* de Casa Checho.

ONS NA MEMORIA

Non, non imos falar, nesta foto do *can*, como animal mamífero intelixente, leal, doméstico e gran amigo do home, senón do *can* aparello de arrastre en forma de rastro ou angazo que, tirado pola tracción mecánica dos barcos a motor, emprégase para a captura de ameixa.

Sempre se considerou unha arte daniña para o fondo mariño e, parece ser que estaba só autorizado para a captura de ameixa rubia.

Ben, pois en Ons, sobre todo en época de veda, que coincidía coa estival e de maior venda, eran utilizados de xeito, digamos, ilegal, e eran perseguidos pola Mariña, daquela encargada dos asuntos do mar e da pesca.

Na foto, de principios dos anos 80 s.XX, vemos a unha moderna lancha que substituíu as coñecidas como <caixóns>, de fasquía rectangular, moi lentas e que cando saían dos seus portos base en Marín ou Vilagarcía, ao acender o motor, o ruído que armaba, escoitábase en todas as Rías Baixas, polo que rapidamente era detectada polos infractores, cousa que non pasaba con esta nova. Aquí a vemos cargada de Cans confiscados en Ons.

UN VECIÑO DE ONS FAI UNHA VIAXE NO TEMPO

Alá polo ano 2010 os veciños de Ons víronse obrigados a asinar un documento polo cal as casas que os seus antepasados construíran con moito sacrificio, non eran da súa propiedade senón da Xunta de Galicia. Á súa vez esta, permitíalles habitalas por medio dunha concesión de 75 anos non prorrogables. Os illáns miráronse obrigados a asinala, iso si, presentando un documento que dicía que o facían por Imperativo Legal, pois de non firmala, a administración podería tomar represalias e cortar os servizos imprescindibles dos que gozaban.

Aínda así, os veciños nunca deixaron de seguir reivindicando a propiedade, porque é de xustiza. Para que quererá a Administración as casas illáns dentro de 75 anos? Quizais Tinón, neste artigo futurista publicado no Diario de Pontevedra no 2010, poña o dedo na chaga

Ons: viaxe ao futuro

AÍNDA RECORDO que, cando era rapaz, os meus pais me dicían que non mirara películas de medo pola noite, xa que despois tería pesadelos.

Canta razón tiñan, a pasada semana botaban a película <Regreso ao Futuro II> e, non sei como, vinme somerxido nun profundo sono. Comecei a soñar. Aparecía "Manolo McFlay", un xove de Ons, que se atopaba no peirao de Bueo co seu amigo o excéntrico científico "Doc". Doc deseñara un prototipo de barco que era capaz de transportarte ao futuro. Animou a Manolo para que o probara e este, convencido, montou na nave. Doc preparouno todo e puxo o reloxo do tempo, sen que Manolo se decatara, no ano 2.086, un ano despois do remate das concesións polas casas aos veciños de Ons.

Coma nun abrir e pechar de ollos, "Manolo McFlay" atopábase no peirao de Ons. Quedou abraído, centos de iates de alto porte amarrados ás boias. Garda xurados paseando polo peirao. Non había

TRIBUNA ABERTA

CELESTINO PARDELLAS
DE BLAS

barcos de pasaxe... Que estraño era todo!! Manolo subiu a costa de Curro e, ao escoitar o petar das fichas de dominó sobre a mesa do bar de Checho que, por certo, tiña un novo nome de difícil pronunciación, foi cara a el. Entrou, pero xogando non estaban nin Arturo, nin Abelino, nin Pepe, ..., nin tan sequera os asiduos veraneantes como Tabo, Maqui ou Pepe de Vigo. Achegouse á barra e preguntou por Pepiño, o camareiro mirouno estrañado, - Aquí non hai ningún Pepiño! Díxolle. Sen saír do seu asombro, preguntou polo baixo, - Quen son os que están xogando? - Non os coñece. Dixo sorprendido, - Pois son o Presidente da Xunta, o Presidente do Padroado Illas Atlánticas, o Conselleiro de Medio Rural e o Director Xeral da Natureza. O

Conselleiro é o meu pai e deume unha concesión por 200 anos prorrogables para explotar este negocio. Están aquí de vacacións pois as casas, agora, son da Xunta acabóuselles a concesión aos mariñeiros que as construíran pois, hai 76 anos os que mandaban daquela en Galicia, inventaron unha Lei de Concesións para roubarllas e grazas a eles estamos aquí veraneando nunha illa privada para altos cargos. "Manolo McFlay", estaba atordado, non podía creerse o que estaba pasando. Deu unha volta polas casas dos Patiño, Reiriz, Otero, Acuña, Sampetro, ..., e alí só había persoal de servizo limpando, facendo o xantar, pasando o ferro, ..., as mulleres e fillos dos altos cargos na praia. Non puido resistir máis e, a lume de carozo, volveu á nave e mesmo cando a campá da igrexa chamaba para a misa da 1, desapareceu sen deixar rastro. De volta en Bueo e despois das explicacións de Doc, "Manolo McFlay", reuniu aos veciños de Ons e comezou unha loita para evitar que a Lei de Concesións vaia adiante.

De súpeto, espertei. Todo fora un soño. Comó o interpretaríá Sigmund Freud?